

**ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO ALUMNADO AO CONSELLO ESCOLAR**  
**CIRCULAR INFORMATIVA**

De acordo coa Resolución do 20 de setembro de 2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG do 29 de setembro), a Xunta Electoral deste centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado segundo ao establecido na disposición adicional 3ª. 1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **2 representantes**, dun **total de 4** que debe ter o Consello Escolar.
2. O **censo electoral do alumnado** estará **exposto** a partir da data no **taboleiro de anuncios** do centro.
3. As **candidaturas** correspondentes poderanse presentar a partir do día da data **ata as 14'00 horas do día 12 de novembro**.
4. A **mesa electoral** estará formada pola **directora do centro**, que actuará como presidenta, e **dous alumnos designados por sorteo**, actuando como secretario o alumno de menor idade.
5. **Cada alumno e alumna** fará constar na **papeleta** das eleccións un **máximo de 2 alumnos/as** da lista de candidatos/as.
6. Poderán actuar como supervisores da votación os alumnos que sexan propostos por cada unha das asociacións de alumnos existentes no centro ou avalados pola sinatura de dez electores.
7. O **voto** será **directo, secreto e non delegable**.
8. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se podan formular.

Mondoñedo, 3 de novembro de 2021.

A directora do centro e presidenta da Xunta Electoral

María Josefa Cuesta Fernández